



Concello da Coruña

Area / Unidade RR.HH PE0000 EMCR	Documento 10819I08EQ	
Código de verificación  0614 3M0C 092H 4O5C 0JJS	Expediente 108/2022/1745	
	Data 06-08-2025	

ANUNCIO

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, POLA QUENDA LIBRE, DE 1 PRAZA DE TÉCNICO/A MEDIO/A DE PROMOCIÓN DE EMPREGO (SUBGRUPO A2) DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, C.E. 18/18 (BOP NÚM.249, 31/12/2021).

1. Resolución das alegacións ao primeiro exercicio.

Examinadas as alegacións presentadas por varios aspirantes á plantilla provisional de respostas correctas do primeiro exercicio da fase de oposición do proceso selectivo, o Tribunal acordou por unanimidade o seguinte:

Na táboa de respostas correctas ao cuestionario de preguntas do primeiro exercicio:

- ANÚLASE A PREGUNTA NÚM.1 DE RESERVA, QUE SE SUSTITÚE POLA PREGUNTA NÚM. 2 DE RESERVA.
- ANÚLASE A PREGUNTA NÚM.76, QUE SE SUSTITÚE POLA PREGUNTA NÚM. 2 DE RESERVA.
- CORRÍXESE A RESPOSTA CORRECTA Á PREGUNTA NÚM. 3 DE RESERVA, QUE DEBE SER A RESPOSTA B) EN LUGAR DA RESPOSTA A)
- DESESTÍMANSE AS DEMAIS ALEGACIÓNS, EN BASE AO SEGUINTE:

ALEGACIÓN Á PREGUNTA NÚM.13:

Alegan varias aspirantes que o Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establece no artigo 52 os principios de actuación dos empregados públicos, entre os que se atopa a neutralidade, sen restrinxila á neutralidade política, polo que solicitan a anulación desta pregunta por non existir ningunha resposta correcta entre as propostas.

Fronte a esta alegación, hai que ter en conta que tanto o Tribunal Constitucional como o Tribunal Supremo pronunciáronse en varias ocasións sobre o principio de neutralidade dos poderes públicos recollido na Constitución: no artigo 9.3, que consagra a prohibición de arbitrariedade dos poderes públicos; no art. 103.1, que dispón que a Administración Pública serve con obxectividade os intereses xerais; no art. 103.3, relativo ao deber de imparcialidade dos empregados públicos no exercicio das súas funcións.

En numerosa xurisprudencia do TC e do TS reflíctese que o deber de neutralidade referido aos empregados públicos abarca contextos moi diversos, tales como: neutralidade ideolóxica do ensino en centros públicos, neutralidade ideolóxica dos medios públicos de comunicación, neutralidade en materia relixiosa, neutralidade ideolóxica e política (STC 5/1981 do 13 de



Concello da Coruña

febreiro; STC 190/2001, do 1 de outubro; STC 46/2001, do 15 de febreiro; STC 24/1982, do 13 de maio; STS 922/2019, do 27 de xuño, entre outras.)

En consecuencia, a neutralidade política sí é un principio de actuación que forma parte do código de conduta do empregado público, resultando ser esta a única resposta correcta de entre as catro propostas.

Polo exposto, desestímase esta alegación.

ALEGACIÓN Á PREGUNTA NÚM. 27:

Alega unha das aspirantes que o artigo 6 da Orde HAP/2427/2015, do 13 de novembro, que aproba as bases e a primeira convocatoria para a selección de estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado financiadas mediante o programa FEDER 2014-2020, tamén enuncia textualmente que as áreas funcionais que se constitúan deberán estar formadas por municipios pertencentes á mesma comunidade autónoma

Fronte a esta alegación, hai que ter en conta que a pregunta remite expresamente ao artigo 6, que xa no seu título *Ámbito territorial: Cidades ou áreas funcionais* quedan aclaradas todas as dúbidas que a alegante poida ter. É certo o que indica que o número 2 dese artigo establece que as áreas funcionais que se constitúan deberán estar formadas por municipios pertencentes á mesma comunidade autónoma. Mais iso non implica nunca que unha comunidade autónoma sexa ámbito territorial das EDUSI. É un requisito para as áreas funcionais que se constitúan. Non deixa dúbidas o punto 1 deste artigo:

“1. As Estratexias DUSI deberán desenvolverse nas cidades ou áreas funcionais urbanas segundo se definen no Anexo I desta convocatoria”.

En consecuencia, a única resposta correcta é a resposta c).

Polo exposto, desestímase esta alegación.

ALEGACIÓN Á PREGUNTA NÚM. 30:

Alega unha das aspirantes que hai dúas respostas correctas (principio de adicionalidade e principio de proporcionalidade), polo que solicita a anulación desta pregunta. Expón que, en España, o investimento do FSE nas Comunidades Autónomas cofinanciase de acordo con porcentaxes específicas que varían entre o 50% e o 85% do custo total das operacións, dependendo da riqueza relativa da rexión, polo que considera que a resposta c) “principio de proporcionalidade” tamén é correcta.

En resposta a esta alegación, hai que precisar que no enunciado pregúntase expresamente polo principio reitor do financiamento e, neste sentido, das posibles respostas alternativas propostas, a única correcta é o principio de adicionalidade, que rexe todo financiamento estrutural. Segundo o principio de adicionalidade, o financiamento estrutural debe ser adicional ás establecidas polas autoridades dos Estados membros, sen substituír ás axudas estruturais nacionais, de forma que complementa ao financiamento establecido polas autoridades tanto nacionais como territoriais (rexionais e locais) dos Estados membros.

Polo tanto, o principio de adicionalidade preside ou rexe, tal e como se pregunta no enunciado da pregunta alegada, a cofinanciación do FSE, sendo o principio de proporcionalidade unha consecuencia do principio de adicionalidade ao expoñer as porcentaxes de esta cofinanciación ou xestión compartida presidida polo principio de adicionalidade.

En consecuencia, a única resposta correcta é a resposta a).

Polo exposto, desestímase esta alegación.

ALEGACIÓN Á PREGUNTA NÚM. 42:

Unha das aspirantes solicita a anulación desta pregunta alegando que é a Orde de 12 de abril de 1994 a que introduce a figura dos AEDL, polo que a resposta d) (ano 1986) é incorrecta e non hai outra resposta correcta entre as propostas.

Fronte a esta alegación, hai que ter en conta que a Orde de 12 de abril de 1994, que alega a aspirante, regula as iniciativas locais de emprego e os axentes de emprego e



Concello da Coruña

desenvolvemento local como medidas de fomento de emprego co obxectivo de mellorar a regulación do programa II da Orde do 21 de febreiro de 1986 pola que se establecen diversos programas de apoio á creación de emprego á vista da experiencia na súa aplicación.

O programa II da Orde do 21 de febreiro de 1986 ten como finalidade a promoción de iniciativas locais para a creación de emprego, de conformidade co seu artigo 10. Con este obxectivo, o artigo 11 da Orde establece no seu apartado 4 que: “No marco dos Convenios subscritos entre o Ministerio de Traballo e Seguridade Social e as Comunidades Autónomas ou a Federación Española de Municipios e Provincias poderán concederse subvencións, por unha soa vez, para a contratación de axentes de desenvolvemento, promotores de emprego ou expertos de natureza análoga que teñan como función a de promover, desenvolver ou asesorar iniciativas locais de emprego. Dita subvención será de ata o 50 por 100 do custo salarial bruto derivado da contratación, por un período máximo dun ano.”

En consecuencia, a Orde do 21 de febreiro de 1986 sí introduce a figura dos axentes de emprego e desenvolvemento local e, polo tanto, a orixe da figura sitúase no ano 1986, sendo a resposta d) a correcta.

Polo exposto, desestímase esta alegación.

2.De conformidade co previsto na base específica 5.1 da convocatoria (BOP núm. 249, 31/12/2021), o primeiro exercicio será cualificado de 0 a 30 puntos, sendo necesario acadar un mínimo de 19,5 puntos para superalo. As persoas aspirantes que non acaden esta puntuación mínima será eliminadas.

As persoas aspirantes que superaron este primeiro exercicio son os seguintes:

NOME ASPIRANTE	DNI	PUNTUACIÓN
LAMAS BECEIRO, MONICA	**7116***	23,40
RIVAS GONZALEZ, MARIA LUZ	**7911***	23,20
CASTANEDO SANMARTIN, MARIA ANTONIA	**7640***	22,90
BARBEITO GARCIA, BERTA	**8141***	22,40
CAMPOS GONZALEZ, TERESA	**8312***	20,00
HERMIDA MOSQUERA, CARMEN	**4044***	19,60

2. Convocar ás persoas aspirantes indicadas no apartado anterior, que superaron o primeiro exercicio, para a realización do segundo exercicio o xoves día 09/10/2025 ás 17:00 horas no Centro Municipal de Emprego (Estrada Os Fortes, 16 A Coruña).

As persoas aspirantes deberán acudir provistas do DNI ou documento equivalente que acredite a súa identidade.

A Coruña na data da sinatura electrónica deste documento.

A secretaria do tribunal,



Concello da Coruña

Elena M^a Ciudad Rojo